



Facultade de Psicoloxía

Traballo de Fin de Máster

Modalidade 2: estudo empírico

**Análise e descrición do
hábito tabáquico da
poboación adulta nova**

Implicacións para o deseño de futuras
intervencións psicolóxicas de saúde
móbil para deixar de fumar

Autora do TFM

Andrea Pérez Rivas

Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria

Ano 2023

Traballo de Fin de Máster presentado na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela
para a obtención do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria

Índice

Índice	1
Resumo	2
Abstract	3
Introdución	4
Método	14
1. Participantes	14
2. Instrumentos	15
3. Procedemento	17
4. Análise de Datos	18
Resultados	19
Discusión	34
Conclusiones	44
Referencias Bibliográficas	46
Índice de Táboas	59
Anexo A. Enquisa Online	61
Anexo B. Consentimento Informado	66
Anexo C. Informe do Comité de Bioética da USC	68

Resumo

O tabaquismo continua sendo a primeira causa evitable de enfermidade, invalidez e de morte prematura no mundo. Dado que as características da poboación adulta nova fumadora se atopan habitualmente pouco descritas na literatura, o obxectivo deste estudo consiste en analizar e describir as características do hábito tabáquico deste sector da poboación e examinar a súa opinión sobre as aplicacións móbiles para deixar de fumar e as barreiras percibidas para o seu uso. Levouse a cabo un estudo de enquisa cunha mostra de 94 participantes de entre 18 e 25 anos (61.7% mulleres). Os principais resultados mostran que os adultos novos que fuman presentan unha dependencia leve do tabaco, unha gran parte conviven/se relacionan con persoas fumadoras e, en xeral, consideran que as aplicacións móbiles para deixar de fumar precisarían ser combinadas con acompañamento profesional. Estes achados teñen implicacións teóricas e prácticas, pois destaca a necesidade de desenvolver intervencións psicolóxicas para deixar de fumar adaptadas de forma específica ás persoas fumadoras novas co obxectivo de incrementar a probabilidade de que deixen de fumar de forma temperá, o que podería impedir que se suceda á escalada e afianzamento do hábito tabáquico na idade adulta e as súas posteriores consecuencias sobre a saúde.

Palabras chave:

Adicción; tabaco; poboación adulta nova; características de consumo; aplicación móbil

Número de palabras do traballo: 16.284

Abstract

Smoking continues to be the leading preventable cause of disease, disability, and premature death worldwide. Since the characteristics of the young adult smoking population are usually poorly described in the literature, the aim of this study is to analyse and describe the smoking characteristics of this sector of the population and to examine their opinion on mobile applications for smoking cessation and perceived barriers to their use. A survey study was conducted with a sample of 94 participants aged 18-25 years (61.7% female). The main results show that young adults who smoke have a low dependence on tobacco, a large proportion of them live with smokers and some of them consider that mobile applications for smoking cessation should be combined with professional support. These findings have theoretical and practical implications, highlighting the need to develop psychological smoking cessation interventions tailored specifically to young smokers to increase the likelihood of early smoking cessation, which could prevent the escalation and maintenance of smoking in later adulthood and its subsequent health consequences.

Keywords: Addiction; tobacco; young adults; consumption characteristics; mobile app

Introdución

Na actualidade o tabaquismo continua sendo a primeira causa evitable de enfermidade, invalidez e de morte prematura no mundo podendo chegar a ser catalogado coma unha lenta e silenciosa pandemia. O consumo de tabaco non só se asocia cun empeoramento da saúde física senón tamén psicolóxica, supoñendo neste momento un importante problema de saúde pública. Asemade, o tabaco xera elevados costes económicos tanto a nivel sanitario, debido á necesidade de tratar as enfermidades que provoca, como en relación á perda de capital humano a causa da súa morbilidade (Organización Mundial da Saúde [OMS], 2022).

O Tabaco

O tabaco é unha substancia estimulante do sistema nervioso central (SNC). Un dos seus compoñentes, a nicotina, posúe unha gran capacidade aditiva e é a principal responsable de producir dependencia a esta substancia psicoactiva pois activa os circuitos de recompensa do cerebro, os cales regulan o reforzo da conduta e a sensación de pracer (Observatorio Español de las Drogas y las Adicciones [OEDA], s.f.-a; Picciotto e Mineur, 2014). Tal e como recolle o *National Institutes of Health* (NIH; 2023) a planta do tabaco pódese fumar, mascar ou aspirar. Entre as formas máis habituais de consumo de tabaco atópanse: i) cigarros, cigarros de liar, cigarros de cravo (“kreteks”), puros e bidis; ii) follas soltas en pipa ou pipa de auga (“cachimba”, “hookah”); e iii) para mascar o rapé (que tamén se pode aspirar), tabaco sen fume (“dip”) e pasta húmida (“snus”) (American Academy of Pediatrics [AAP], 2018; NIH, 2023). Recentemente popularizouse o uso dos cigarros electrónicos ou vapors, os cales son unha nova forma de consumir nicotina con sabores e outras substancias químicas en forma de vapor en vez de fume (European Respiratory Society [ERS], 2020; NIH, 2023). Por outra parte e a

pesares de ser tamén dispositivos electrónicos, o tabaco quenteado (“heat not burn”) si emprega tabaco que quenta a elevadas temperaturas evitando queimalo, pero buscando crear fume para que o usuario o aspire (ERS, 2020). Non obstante, aínda que se considera que este tipo de produtos derivados do tabaco presentan menos efectos negativos sobre a saúde (Simonavicius et al., 2019), cabe recordar que segundo o *National Cancer Institute* (NCI; 2017) non existe un consumo de tabaco non prexudicial para a saúde.

No *Manual Diagnóstico y Estadístico de los Trastornos Mentales* (DSM-5) aparece recollido o Trastorno por consumo de tabaco, o cal é descrito como un patrón problemático de consumo desta substancia psicoactiva que provoca un deterioro ou malestar clinicamente significativo na persoa fumadora (American Psychiatric Association [APA], 2014). En relación aos criterios diagnósticos, considérase preciso destacar principalmente dous deles asociados á dependencia á nicotina: i) tolerancia, definida como a necesidade de consumir cantidades cada vez maiores de tabaco para obter o efecto desexado; e ii) abstinencia, entendida como o consumo de tabaco ou dalgunha substancia similar (nicotina) para aliviar ou evitar os síntomas da mesma (p. ex. irritabilidade, ansiedade, dificultade para concentrarse, aumento do apetito, estado de ánimo deprimido, etc.) (APA, 2014). Cabe sinalar que no *Diagnostic and Statistical Manual of Mental Disorders, Fifth Edition, Text Revision* (DSM-5-TR), a última revisión do DSM-5, non se produciron cambios respecto aos criterios diagnósticos do Trastorno por consumo de tabaco (APA, 2022). En consecuencia, estes elementos anteriormente mencionados son esenciais á hora de falar do Trastorno por consumo de tabaco.

Mais, o consumo de tabaco e o seu mantemento no tempo non poden ser explicados de forma exclusiva pola inxesta de nicotina e a dependencia fisiolóxica asociada, dado que existen outros factores (p. ex. demográficos, socioeconómicos, psicolóxicos, etc.) implicados neste proceso (Fagerström, 2012; Hogarth e Chase, 2012). En concreto, Hosseinpoor et al. (2011) sinalan que os niveis de tabaquismo non son iguais en todos os grupos demográficos nin socioeconómicos. Ademais, destacan o efecto protector da educación sobre o consumo de tabaco, pois aqueles participantes sen estudos tiñan tres veces máis probabilidade de fumar que aqueles con estudos superiores ou universitarios, con independencia de si eran homes ou mulleres ou se vivían nun país de renda baixa ou media. Outros factores como o nivel de ingresos económicos e a renda media do país presentaban un efecto diferencial sobre o hábito tabáquico posto que: i) a maior taxa de tabaquismo estaba presente en homes con moi baixos

ingresos e, ii) aínda que a proporción de fumadores diminuía despois dos 50 anos en países de renda media, esta seguía sendo elevada en aqueles cunha renda baixa.

Na mesma liña, Fagerström (2012) propón que existen variables psicosociais que contribúen á adicción a esta substancia psicoactiva, en particular: hábito e condicionamento da conduta de fumar, o papel do propio cigarro e aspectos psicosociais asociados ao tabaquismo (p. ex. función de integración social, diminución do aburrimiento e do estrés/ansiedade, recompensa por rematar tarefas, etc.). Atópase asociada, de igual forma, a escasos recursos sociais, a unha peor saúde mental e a problemas relacionados co alcohol ou co consumo de drogas ilegais (Pedersen, 2009). En consecuencia, estes factores non relacionados coa dependencia fisiolóxica deben ser tidos en conta á hora de falar da dependencia ao tabaco, a cal é multifacética e non ligada de forma única e exclusiva á inxestión de nicotina.

Prevalencia e Consecuencias do Consumo de Tabaco

Segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS, 2022) cada ano falecen máis de 8 millóns de persoas a consecuencia do tabaco, tanto por consumo directo do mesmo como pola exposición de persoas non fumadoras ao fume alleo. Subliña que no ano 2020 o 22.3% da poboación global consumía tabaco, sendo un 36.7% dos homes e un 7.8% das mulleres do mundo. Pese a que se observa unha tendencia descendente do consumo de tabaco tanto a nivel global como en España, aínda fuma cigarros a diario o 33.1% da poboación adulta española de entre 15 e 64 anos (37.8% homes e 28.3% mulleres) e continua en aumento a experimentación e consumo de cigarros electrónicos nesta poboación chegando a alcanzar o 12.1% para o marco temporal “empregado algunha vez na súa vida” (13.6% homes e 10.7% mulleres) (OEDA, 2022).

Ademais, en España, cada ano morren arredor dunhas 50.000 persoas debido ao consumo desta substancia psicoactiva (OEDA, s.f.-b). De feito, fumar aumenta nun 70% o risco de morrer de forma prematura por distintas patoloxías coma: cancro de pulmón (Balogh et al., 2013), enfermidades cardiovasculares (Athysos et al., 2013), enfermidades respiratorias como a bronquite crónica ou a enfermidade obstrutiva crónica (Zuo et al., 2014), outros tipos de cancro (p. ex. cancro de larinxe, bucofarínxeo, renal, etc.) ou outras patoloxías como hipertensión arterial, impotencia sexual no varón, adianto da menopausa na muller (OEDA, s.f.-b; U.S. Department of Health and Human Services [USDHHS], 2014). Cabe destacar que os riscos para a saúde asociados co consumo de tabaco atópanse directamente relacionados co

tempo desde que se iniciou o consumo, coa cantidade de cigarros fumados diariamente, coa profundidade da inhalación e co contido de nicotina e alcatrán da marca seleccionada pola persoa fumadora (OEDA, s.f.-b).

En canto ás consecuencias asociadas ao emprego de cigarros electrónicos ou vapers, debido a súa novidade, na actualidade carécese de suficiente investigación acerca dos seus efectos a longo prazo (ERS, 2020). Non obstante, estudos iniciais revelan que o seu uso aparece asociado a efectos negativos na saúde pois usuarios sans destes dispositivos presentan maior probabilidade de desenvolver enfermidades cardiopulmonares (Espinoza-Derout et al., 2022; Mohammadi et al., 2022; Tsai et al., 2020).

O Consumo de Tabaco na Poboación Adulta Nova

A adulez nova ou emerxente, comprendida entre os 18 e 25 anos, podería definirse coma un momento vital de transición entre o final da adolescencia e o inicio da adulez tardía sendo, ademais, unha etapa caracterizada polo cambio e a exploración de diferentes direccións vitais (Arnett, 2000). É dicir, implica pasar de vivir en contornas protexidas (p. ex. casa, escola, etc.) ás liberdades e responsabilidades asociadas á idade adulta (Rath et al., 2012) e búscase, principalmente, independencia e autosuficiencia (Arnett, 2000). Asemade, neste momento vital aumenta o nivel de estrés e a presión asociados a estes cambios e incrementase a probabilidade de que se de lugar ao inicio de varios tipos de condutas de risco coma, por exemplo, as relacións sexuais sen protección, os comportamentos de risco na conducción ou o consumo de substancias psicoactivas (Arnett, 2000). Neste senso, Villanti et al. (2019) sinalan que a poboación adulta nova é máis propensa a iniciarse no consumo de tabaco e, ademais, que aqueles que probaron e/ou experimentaron o consumo desta substancia psicoactiva na adolescencia tenden a consolidalo durante este período. Por outra parte, aquelas persoas que inician o consumo de tabaco a idades máis temperás contan con maior predisposición a desenvolver dependencia á nicotina (Walker e Loprinzi, 2014). A literatura actual indica que en Europa a maioría dos fumadores inician o consumo de tabaco antes dos 25 anos, aínda que a prevalencia do tabaquismo sexa máis elevada entre os adultos de 25 a 44 anos (Gallus et al., 2021). En España, segundo a *Encuesta sobre alcohol y otras drogas ilegales (EDADES)*, entre os 15 e os 24 anos un 30.2% dos homes e un 24.3% das mulleres son fumadores diarios (OEDA, 2022).

Con respecto ás características do consumo de tabaco en poboación adulta nova, en comparación con adultos de 25 anos ou máis, os fumadores novos contan con maior intención

de probar cigarros electrónicos, pipas, puros e tabaco sen fume; ademais, consumen menos cigarros ao día e presentan maiores probabilidades de tentar deixar de fumar no último ano pero menores de acudir a un profesional sanitario (West et al., 2019). Neste senso, os estudos indican que as persoas fumadoras novas presentan unha menor dependencia á nicotina, a cal normalmente se relaciona en forma de U inversa coa idade (ao igual que o número de cigarros fumados ao día) (Park et al., 2012). Polo demais, investigacións como as de Andrews et al. (2018) revelan que as persoas fumadoras novas se atopan con frecuencia no estadio de pre-contemplación do modelo transteórico de Prochaska e Diclemente de cara a abandonar o hábito tabáquico. Ademais, neste traballo se sinala que atoparse no estadio de pre-contemplación se relaciona de forma positiva con estar desempregado e consumir cigarros de liar.

Por outra banda, téñense levado a cabo multitude de estudos sobre as barreiras para deixar de fumar en poboación adulta fumadora, pois sábese que é fundamental coñecer cales son estas barreiras (p. ex. percibir deixar de fumar demasiado difícil, coste dos servizos e fármacos para deixar de fumar, falta de apoio social, etc.) de cara ao deseño de intervencións máis efectivas para facilitar o abandono do hábito tabáquico daquelas persoas fumadoras interesadas en deixar de fumar (Guignard et al., 2022; Rosenthal et al., 2013; Tombor et al., 2013). No caso da poboación adulta nova fumadora existe pouca literatura científica acerca de cales son as principais barreiras percibidas á hora de propoñerse deixar de fumar. Cabe destacar, en particular, a investigación de Carlson et al. (2018) realizada nunha mostra de 419 persoas fumadoras novas de entre 17 e 24 anos dos Estados Unidos na que se concluíu que o nivel socioeconómico é un factor relevante á hora de consideralas pois aqueles cun nivel socioeconómico baixo son máis propensos a identificar barreiras como o coste das axudas para deixar de fumar, medo a subir de peso, perda dunha estratexia para manexar o estrés/ansiedade, ter un grupo de amigos fumadores e dificultade para controlar as ganas de fumar. Nesta liña, Villanti et al. (2016) sinalan como barreira de cara a deixar de fumar en poboación adulta nova, ademais da mencionada perda dunha estratexia para manexar o estrés/ansiedade, a evitación dos síntomas causados polo síndrome de abstinencia.

En relación ás consecuencias sobre a saúde do consumo de tabaco en poboación adulta nova, a curto prazo, aparecen xa efectos negativos significativos tales como o incremento de catarros de repetición, aumento da tose, diminución do rendemento deportivo, perda do apetito (OEDA, s.f.-c) e peor calidade do sono (Dugas et al., 2017). Mais, non é ata entorno aos 40 anos cando comezan a manifestarse as patoloxías médicas asociadas ao seu consumo, polo que

evitar a escalada e o afianzamento do tabaquismo nesta poboación é fundamental para previr a súa progresión no tempo e, así, diminuír as súas consecuencias a longo prazo (APA, 2014; Villanti et al., 2019). Por este motivo é preciso coñecer as características do consumo de tabaco da poboación adulta nova e as barreiras percibidas de cara a deixar de fumar para, deste modo, poder refinar as intervencións existentes e incrementar as súas probabilidades de conseguir abandonar o hábito tabáquico.

Intervencións Psicolóxicas para Deixar de Fumar

As recomendacións máis recentes sinalan que, en adultos, as intervencións cognitivo-condutuais e farmacolóxicas, aplicadas tanto individualmente como en combinación, son efectivas para o abandono do hábito tabáquico (Patnode et al., 2021). As intervencións condutuais tales como o asesoramento (tamén telefónico), as intervencións grupais, as intervencións interactivas e personalizadas baseadas en Internet e o uso de incentivos obteñen resultados modestos en termos de abstinencia aos 6 meses ou máis de seguimento, en comparación con varios controles (p. ex. atención habitual, apoio mínimo sen uso de medicación). A literatura científica actual indica que o asesoramento condutual e os incentivos económicos garantidos, dentro do apoio condutual, se asocian cun maior éxito á hora de lograr a abstinencia do tabaco e, ademais, que o apoio a través de mensaxes de texto é máis efectivo que o uso do teléfono ou de materiais impresos e que a administración individual é menos efectiva que a grupal (Hartmann Boyce et al., 2022).

No que respecta ás intervencións para deixar de fumar dirixidas de xeito específico á persoas fumadoras novas cabe sinalar que as intervencións por mensaxe de texto, as intervencións cognitivo-condutuais multicompoñente e os concursos sostidos de deixar-e-ganar (“quit-and win”) nos que persoas fumadoras se inscriben voluntariamente nun concurso para deixar de fumar durante aproximadamente un mes no que teñen a posibilidade de gañar un “premio” ademais dos beneficios de abandonar o hábito tabáquico (Cahill e Perera, 2005) son enfoques prometedores, pois se observa que en comparación cunha condición de control activa (p. ex. deshabitación tabáquica, terapia de relaxación, etc.) ou inactiva (p. ex. guía de autoaxuda, proporción de recursos sanitarios xerais, intervención non relacionada co tabaquismo, etc.) aumentan o abandono do hábito tabáquico a curto prazo en poboación adulta nova (Villanti et al., 2020).

Pese a existir intervencións psicolóxicas efectivas para lograr a abstinencia ao tabaco, coma as previamente mencionadas, o acceso a estas por parte das persoas fumadoras interesadas en deixar de fumar pode resultar difícil debido ao gran descoñecemento acerca de cales son as intervencións psicolóxicas efectivas para deixar de fumar e á falta de dispoñibilidade e oferta destas no sistema sanitario (Becoña et al., 2014). Ademais, existe unha grande escaseza de estudos acerca de cales son as barreiras específicas da poboación adulta nova de cara a coñecer e acceder a intervencións psicolóxicas efectivas para o abandono do hábito tabáquico. En consecuencia, analizar e describir estas barreiras e, ademais, as características específicas do consumo de tabaco deste sector da poboación facilitaría o deseño de intervencións non só máis efectivas senón tamén atractivas para as persoas fumadoras novas que desexen deixar de fumar. Por outra parte, o feito de que un gran número de investigacións sexan realizadas en poboación estadounidense, a cal conta cun contexto socioeconómico e cunha cultura diferentes a outras zonas demográficas, brinda a oportunidade de levar a cabo estudos similares en outras poboacións.

Uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) para Deixar de Fumar

As TIC son dispositivos electrónicos que permiten editar, producir, almacenar, intercambiar e transmitir datos entre diferentes sistemas de información con protocolos comúns. Estes dispositivos, que integran medios de informática, telecomunicacións e redes, posibilitan tanto a comunicación e colaboración interpersoal como a multidireccional (Romaní, 2009). A prestación de servizos introducindo o uso e aplicación das TIC para mellorar o acceso, a eficacia, a eficiencia e a calidade dos procesos clínicos e de xestión na sanidade correspóndese co termo *e-saúde* (“e-Health”) (Ramos et al., 2021). Forma parte da *e-saúde* a saúde móbil (“m-Health”), a cal se centra no emprego de dispositivos móbiles co obxectivo de mellorar a atención dos pacientes (de Abajo et al., 2011). De feito, Rathbone e Prescott (2017) destacan o futuro incremento e a prometedora eficacia do uso de aplicacións móbiles (“Apps”) e mensaxes de texto (“SMS”) como intervencións de saúde móbil.

As TIC téñense utilizado para desenvolver e proporcionar intervencións efectivas tanto no ámbito sanitario coma en saúde mental e, co tempo, fóronse introducindo para a intervención e abordaxe das adiccións (Budney et al., 2019). No que respecta ao tabaco, as primeiras investigacións sobre aplicacións m-Health para lograr a abstinencia desta substancia psicoactiva contaban tamén co obxectivo de describir as características da poboación adulta que as empregaba. En particular, BinDhim et al. (2014) sinalan que a maioría dos usuarios

destes recursos tecnolóxicos son persoas adultas novas que non acoden a recursos profesionais tradicionais para deixar de fumar, pero que si descargan e usan unha aplicación móbil con este fin. Ademais, suxírense xa neste momento a necesidade de crear aplicacións móbiles para deixar de fumar baseadas na evidencia científica. Outros estudos indican que o uso destas aplicacións depende máis do contido das mesmas que das características sociodemográficas dos seus usuarios (p. ex. sexo, idade, etc.) e, tamén, que o número de intentos previos de deixar de fumar e a puntuación en dependencia á nicotina se relacionan positivamente coa intención de usar unha aplicación móbil para deixar de fumar e coa actitude das persoas fumadoras respecto ás mesmas (Chevalking et al., 2018).

Trala declaración oficial da COVID-19 como pandemia, o pasado 11 de marzo do 2020 por parte da Organización Mundial da Saúde (OMS), produciuse un incremento exponencial da dixitalización de diferentes recursos sanitarios así como a adaptación de diferentes ámbitos profesionais ás TIC, as cales xa se atopaban de forma previa cunha tendencia alcista en termos de expansión e implantación na sociedade. Este cambio histórico favoreceu o xurdimento dunha gran oportunidade para estender o uso da intervención psicolóxica remota (Perrin et al., 2020). Estas necesidades circunstanciais ocasionaron a aparición de novas investigacións sobre o uso das aplicacións móbiles no ámbito das adiccións; aínda que, na actualidade este segue sendo un campo en crecemento (Chu et al., 2021). En consecuencia, estudos recentes indican que a maioría dos usuarios de aplicacións móbiles para deixar de fumar son mulleres, de entre 25 e 54 anos, con estudos universitarios, con baixos ingresos familiares e con problemas relacionados coa saúde mental (Fradkin et al., 2022). De todas formas, segue sendo destacable a ausencia de estudos acerca das características do consumo de tabaco asociadas á poboación adulta nova. Por outra parte, a literatura científica actual indica que a personalización, a relacionalidade, a funcionalidade e a credibilidade son elementos fundamentais que precisan ser considerados á hora de deseñar futuras aplicacións móbiles que sexan atractivas para os seus posibles usuarios (Bendotti et al., 2022).

Con respecto aos datos de eficacia en termos de logro da abstinencia empregando aplicacións móbiles para deixar de fumar cabe sinalar que os resultados preliminares son mixtos (Barroso-Hurtado et al., 2021). Algúns estudos obteñen resultados positivos ao avaliar a eficacia dunha aplicación móbil para deixar de fumar, indicando niveis de abstinencia significativamente maiores naqueles participantes do grupo de intervención que a utilizaran de forma regular e, incluso, sinalando maiores probabilidades de deixar de fumar aos 12 meses en

comparación con aqueles que non a empregaron e só recibiran unha intervención estándar por parte dos profesionais sanitarios (Pallejà-Millán et al., 2020). Non obstante, a maioría dos estudos que utilizan aplicacións móbiles para deixar de fumar como modalidade de intervención atópanse en fase piloto ou de viabilidade polo que, nun futuro, se precisaría establecer non só unha maior uniformidade entre os compoñentes da intervención empregados, debido a variabilidade de metodoloxías, deseño dos estudos e criterios de inclusión entre os diferentes traballos senón tamén levar a cabo ensaios aleatorios controlados cun maior alcance (Chu et al., 2021). De todas formas, as aplicacións móbiles para deixar de fumar poden ser ferramentas prometedoras á hora de lograr a abstinencia do tabaco, aínda que son necesarias máis investigacións para determinar con maior precisión cal é realmente o seu efecto sobre o abandono do hábito tabáquico (Barroso-Hurtado et al., 2021).

O Presente Estudo

A pesares da existencia dunha gran cantidade de literatura acerca das intervencións psicolóxicas dirixidas a lograr a abstinencia ao tabaco, carécese de suficiente investigación acerca das características asociadas ao consumo de tabaco da poboación, sobre todo adulta nova, que emprega aplicacións móbiles para deixar de fumar; ademais da escaseza de aplicacións móbiles fundamentadas na evidencia científica. Con todo, as intervencións mediante o uso de aplicacións móbiles para deixar de fumar, ben de forma exclusiva ou de forma complementaria á intervención psicolóxica, poderían resultar útiles para lograr a abstinencia ao tabaco en poboación adulta nova; tendo en conta que o contido destas precisará atoparse debidamente deseñado e baseado non só nas características asociadas ao consumo de tabaco deste sector da poboación senón tamén na literatura científica actual. Non obstante, é necesario detectar cales son as posibles barreiras ás que se enfronta a xente nova á hora de considerar intentar deixar de fumar e de empregar aplicacións móbiles para este propósito, ademais de analizar cal é a súa opinión sobre o feito de utilizar unha aplicación móbil para o abandono do hábito tabáquico.

Esta información proporcionaría novos datos para mellorar as intervencións para deixar de fumar dirixidas de forma específica a este tipo de poboación, o cal implicaría que a nivel de saúde pública podería mellorarse a calidade de vida e a saúde psicolóxica destas persoas e, ademais, podería chegar a reducirse a probabilidade de que presentasen enfermidades físicas asociadas ao consumo de tabaco na idade adulta. En consecuencia, poderían diminuír non só os custos a nivel persoal senón tamén os económicos socio-sanitarios derivados do consumo

do tabaco. Polo tanto, esta poboación pode considerarse un grupo diana de cara a realizar intervencións específicas destinadas a diminuír o inicio e a consolidación a longo prazo do consumo de tabaco (Gallus et al., 2021; Rath et al., 2012). Por estes motivos, os obxectivos deste Traballo Fin de Máster (TFM) consisten en:

- 1) Analizar e describir as características do hábito tabáquico da poboación de adultos novos de entre 18 e 25 anos, incluíndo asemade o nivel de dependencia ao tabaco e os motivos e as barreiras de cara a deixar de fumar e buscar axuda en profesionais sanitarios.
- 2) Examinar a opinión e experiencia da poboación adulta nova con aplicacións móbiles para deixar de fumar, as barreiras percibidas para o seu uso e as características fundamentais que consideran que deben estar presentes neste tipo de aplicacións.
- 3) Avaliar se existen diferenzas en relación ás barreiras para deixar de fumar e solicitar axuda profesional da poboación adulta nova en función do nivel de dependencia do tabaco e dos estadios de cambio.
- 4) Avaliar nesta poboación, ademais, se existen diferenzas en canto á opinión sobre a utilidade das aplicacións móbiles para deixar de fumar e as barreiras para o seu uso en función do nivel de dependencia do tabaco e dos estadios de cambio.

Método

1. Participantes

A mostra estivo formada por persoas novas fumadoras ás que se lle solicitou a súa participación voluntaria. Para formar parte deste estudo, os participantes debían cumprir cos seguintes criterios de inclusión:

1. Ter entre 18 e 25 anos, é dicir, pertencer ao grupo definido como “poboación adulta nova ou emerxente”.
2. Ser fumador/a diario.
3. Ter a capacidade e as habilidades tecnolóxicas suficientes para acceder e responder á enquisa online.
4. Colaborar voluntariamente e outorgar o consentimento informado para poder participar no estudo.

O feito de non cumprimentar a enquisa na súa totalidade estableceuse como criterio de exclusión.

2. Instrumentos

Para o presente estudo deseñouse un cuestionario *ad hoc* (ver *Anexo A*) para obter información sobre as seguintes variables:

Características Sociodemográficas

Tomando como referencia a *Encuesta sobre alcohol y otras drogas ilegales en España (EDADES)* preparáronse preguntas para rexistrar o sexo, a idade, o nivel educativo, a ocupación actual e o número de ingresos mensuais netos do fogar (OEDA, 2021b).

Información Relativa ao Consumo de Tabaco

Co obxectivo de recadar información acerca do consumo de tabaco (p. ex. convivencia con persoas fumadoras e pertenza destas ao seu grupo de amigos, idade do primeiro contacto e de inicio do consumo, número de cigarros fumados ao día e tipo, se se combinan co uso de cigarro electrónico, tipo de líquido e se se busca reducir desta maneira o consumo de tabaco) empregáronse preguntas da *Encuesta sobre el uso de drogas en Enseñanzas Secundarias en España (ESTUDES)* (OEDA, 2021a).

Dependencia do Tabaco

Avaliada mediante a adaptación ao español do *Test de Fagerström de Dependencia de los Cigarrillos (FCTD)*; Fagerström, 2012) de Becoña e Vázquez (1998). Este cuestionario atópase formado por un total de 6 ítems (p. ex. “¿Cuánto tarda, después de despertarse, en fumar su primer cigarrillo?”), con dous (0-1) ou catro (0-1-2-3) alternativas de resposta. Unha puntuación menor ou igual a 3 indica un grado leve de dependencia, entre 4 e 6 moderada e igual ou maior que 7 severa (Torrecilla et al., 2002). A análise da fiabilidade avala a consistencia interna da versión en español da escala cun valor de α de Cronbach de .66 (Becoña e Vázquez, 1998).

Estadios de Cambio

Os estadios de cambio do Modelo Transteórico de Prochaska e DiClemente respecto a deixar de fumar avaliáronse a través dos seguintes ítems (DiClemente et al., 1991; Prochaska et al., 1994): (1) “non teño pensado deixar de fumar por agora” que corresponde ao estadio de pre-contemplación; (2) “penso deixar de fumar a longo prazo, dentro de 6 meses” para o estadio

de contemplación e (3) “penso deixar de fumar pronto, nun prazo de menos de 30 días” para o estadio preparación para a acción.

Motivos e Barreiras para Deixar de Fumar e Buscar Axuda para Deixar de Fumar

Elaboráronse preguntas acerca dos motivos (p. ex. preocupación pola saúde física ou psicolóxica, por insistencia do seu círculo familiar/amigos/parella, etc.) e as barreiras que poden aparecer á hora de non só deixar de fumar (p. ex. dificultade para manexar as ganas de fumar, a posibilidade de aumentar de peso, etc.) senón tamén á de valorar buscar axuda profesional (p. ex. admitir ante un profesional a necesidade de axuda, o tempo que pasa entre unha cita e a seguinte, etc.) utilizando como base os estudos de Carlson et al. (2018), Gallus et al. (2013) e Rosenthal et al. (2013).

Intentos Previos para Deixar de Fumar

Seguindo os traballos de Kotz et al. (2020) e West et al. (2019) preparáronse preguntas sobre se realizaron intentos previos e as estratexias empregadas para deixar de fumar (p. ex. consello psicolóxico, empregando fármacos, etc.), a busca de axuda profesional, o emprego de aplicacións móbiles e o tempo de abstinencia alcanzado.

Información Relativa ás Aplicacións Móbiles para Deixar de Fumar

Co fin de obter información sobre a opinión (p. ex. considero que poden resultar útiles, non considero que sirvan de axuda para deixar de fumar, etc.), barreiras (p. ex. non ter contacto cara a cara cun profesional, a necesidade de Internet, etc.) e características fundamentais (p. ex. personalización da aplicación, deseño accesible e cómodo, etc.) coas que deben contar as aplicacións móbiles para deixar de fumar elaboráronse preguntas a partir dos traballos de Bendotti et al. (2022), Chevalking et al. (2018) e Norman et al. (2018).

3. Procedemento

A recollida de datos levouse a cabo mediante unha enquisa online creada en Microsoft Forms, a aplicación corporativa da Universidade de Santiago de Compostela, entre o 09/01/2023 e o 21/02/2023. A primeira difusión realizouse o 09/01/2023 mediante diferentes redes sociais e sistemas de mensaxe (p. ex., WhatsApp, Instagram, Facebook, Telegram e Twitter). En adición, pedíuselle aos participantes que o difundisen entre os seus contactos. Posteriormente, o 23/01/2023 levouse a cabo unha segunda difusión e o 06/02/2023 unha terceira, a modo de recordatorio, co fin de aumentar o número de participantes do estudo.

A estrutura da mencionada enquisa contaba con 5 seccións debidamente diferenciadas (ver *Anexo A*). Na primeira sección, ademais de presentar as instrucións desta, informábase aos participantes sobre os seus dereitos de confidencialidade e anonimato no consentimento informado (ver *Anexo B*), se lles facilitaba un correo de contacto para resolver posibles dúbidas, consultas ou coñecer os resultados xerais do estudo unha vez finalizado e se lles preguntaba pola idade e o número de cigarros fumados ao día. Só unha vez que presentaban o seu consentimento e cumprían cos criterios de inclusión podían acceder ao resto do contido da enquisa. Nas posteriores seccións recollíase a seguinte información: (2) datos sociodemográficos, (3) información sobre o consumo de tabaco, (4) dependencia ao tabaco e (5) intención, motivos e barreiras para deixar de fumar e uso, opinión e barreiras de cara a empregar aplicacións móbiles con este fin. Cabe sinalar que as preguntas identificativas foron formuladas de forma anonimizada e desagregada co fin de salvagardar os dereitos de protección de datos persoais. Tras rematar todas as seccións mostrábase unha mensaxe de agradecemento.

Finalmente, é preciso mencionar que se obtivo o consentimento informado de todos os participantes e que estes non recibiron ningunha compensación económica pola súa colaboración neste estudo. O Comité de Bioética da Universidade de Santiago de Compostela (USC) aprobou á realización desta investigación o 19/12/2022 (ver *Anexo C*).

4. Análise de Datos

Unha vez rematada a fase de recollida de datos levouse a cabo a depuración destes, co obxectivo de eliminar da base de datos rexistros incompletos e/ou erróneos para, posteriormente, poder proceder á análise estatística desta información mediante o programa IBM SPSS Statistics Versión 25.0. (IBM Corp, 2017). A significación estatística definiuse como $p \leq .05$.

Primeiramente, obtivéronse as frecuencias e os estatísticos descritivos para todas as variables obxecto de estudo. Seguidamente, realizáronse táboas de continxencia coa proba estatística Chi-cadrado co fin de analizar se existían diferenzas estatisticamente significativas en relación ás barreiras para deixar de fumar e acudir a un profesional en busca de axuda en función do nivel de dependencia do tabaco (leve, moderada-grave) e dos estadios de cambio (pre-contemplación, contemplación, preparación para a acción). De igual forma, empregouse a proba estatística Chi-cadrado co propósito de determinar se existían diferenzas estatisticamente significativas en canto á opinión sobre a utilidade das aplicacións móbiles para deixar de fumar e as barreiras para o seu uso en función do nivel de dependencia do tabaco e do estadio de cambio no que se atopaba o participante. Por último, cabe sinalar que debido a que a variable estadios de cambios conta con tres categorías aplicouse a corrección de Bonferroni para as comparacións múltiples.

Resultados

Características Sociodemográficas da Mostra

Un total de 319 persoas accederon ao formulario online do estudo. Destas, 6 (0.02%) non outorgaron o seu consentimento informado para continuar coa súa participación e 219 (69.97%; n=313) sinalaron que non fumaban diariamente. Así, a mostra estivo formada por un total de 94 participantes sendo a maior parte mulleres, con estudos superiores ou universitarios, estudantes e cuns ingresos mensuais aproximados comprendidos entre 1.000 e 1.999 euros. De seguido, na Táboa 1, recóllese unha descrición máis pormenorizada das características sociodemográficas dos participantes do estudo.

Táboa 1*Característica sociodemográficas da mostra (n = 94)*

Características	% (n) / M (DT)
Sexo	
Home	38.3 (36)
Muller	61.7 (58)
Idade	
	22.4 (2.1)
Formación	
Educación Secundaria Obrigatoria ou Ciclos Formativos Medios	9.6 (9)
Bacharelato ou Ciclos Formativos Superiores	57.4 (54)
Estudos universitarios	33.0 (31)
Ocupación actual	
Estudante	56.4 (53)
Traballador/a	20.2 (19)
Estudante e traballador/a	18.1 (17)
Desempregado/a	5.3 (5)
Ingresos mensuais	
Ata 499 euros	5.3 (5)
De 500 a 999 euros	7.4 (7)
De 1.000 a 1.499 euros	26.6 (25)
De 1.500 a 1.999 euros	20.2 (19)
De 2000 a 2.499 euros	10.6 (10)
De 2.500 a 2.999 euros	7.4 (7)
De 3.000 a 4.999 euros	12.8 (12)
5.000 ou máis	4.3 (4)
NS/NC	5.3 (5)

Características Relacionadas co Consumo de Tabaco

Con respecto aos datos relacionados co consumo de tabaco cabe sinalar que o tipo de tabaco máis consumido é o tabaco de liar e que un 29.8% dos participantes o combina con cigarros de paquete. Por outra parte, máis da metade dos participantes convive cunha persoa fumadora e a gran maioría, un 93.6%, conta con mínimo unha persoa no seu grupo de amigos que fuma diariamente. A continuación, na Táboa 2, expóñese información detallada sobre as características do consumo de tabaco da mostra do estudo.

Táboa 2

Información relativa ao consumo de tabaco (n = 94)

Características do consumo de tabaco	% (n) / M (DT)
Cigarros fumados ao día	8.8 (9.3)
Dependencia do tabaco (FTCD)	2.2 (2.2)
Idade do primeiro consumo	15.4 (2.5)
Idade do inicio regular do consumo	17.7 (2.5)
Tipo de tabaco	
Cigarros de paquete	58.5 (55)
Tabaco de liar	73.4 (69)
Tabaco en pipas de auga (p. ex. cachimba)	3.2 (3)
Pipa	2.1 (2)
Puros	3.2 (3)
Convive con algunha persoa fumadora	
Si	53.2 (50)
Non	46.8 (44)
Persoa do seu grupo de amigos fuma diariamente	
Ningunha	6.4 (6)
Algunha	48.9 (46)
Todas ou a maioría	44.7 (42)

Por outra banda, un 12.8% dos participantes do estudo, ademais de consumir tabaco, utiliza cigarros electrónicos ou vapors. Especificamente, un 6.4% (6) emprega cartuchos ou líquidos que conteñen nicotina, un 2.1% (2) sen nicotina e un 4.3% (4) combina os dous tipos.

Ademais, un 5.3% (5) da mostra apunta que os usa co obxectivo de reducir o seu consumo de tabaco ou deixar de fumar. Con respecto á dependencia do tabaco avaliada co Test de Dependencia dos Cigarros de Fagerström (FTCD) obsérvase que un 72.3% dos participantes presenta unha dependencia leve ao tabaco (puntuación entre 0 e 3), un 22.3% moderada (puntuación entre 4 e 6) e un 5.3% severa (puntuación maior que 7). Debido ao pequeno número de persoas que presentan unha dependencia severa ao tabaco, co fin de facilitar a análise dos resultados, decidiuse unir nun só grupo aos participantes con dependencia moderada e severa.

Características Relacionadas co Abandono do Hábito Tabáquico

En relación á motivación ao cambio un 55.3% (52) dos participantes do estudo atópanse no estadio de cambio de pre-contemplación (“*non teño pensado deixar de fumar por agora*”), un 31.9% (30) en contemplación (“*penso deixar de fumar a longo prazo, dentro de 6 meses*”) e un 12.8% (12) en preparación para a acción (“*estou pensando en deixar de fumar pronto, en menos de 30 días*”).

Cabe sinalar que un 40.4% (38) intentara deixar de fumar no pasado, un 39.4% (37) pensara en facelo pero non intentado e un 20.2% (19) non pensara deixar de fumar. Daqueles que o intentaran só un 17.0% (16) empregara unha estratexia para conseguilo. A principal estratexia utilizada foi deixar de golpe o consumo de tabaco (86.7%; 13), seguida do uso de parches ou gomas de nicotina (6.7%; 1). O tempo medio de abstinencia alcanzado foi de aproximadamente 78 días ($M= 78.1$; $DT= 124.3$). Por outra banda, entre os motivos máis frecuentes para deixar de fumar, daqueles que o intentaron, aparecen a preocupación pola saúde física e polo gasto económico (Táboa 3).

Táboa 3

Motivos para deixar de fumar das persoas que intentaron deixar de fumar (n = 38)

Motivos	% (n)
Preocupación pola miña saúde física	81.6 (31)
Preocupación pola miña saúde mental	21.1 (8)
Por insistencia da miña familia/amigos/parella	18.4 (7)
Por motivos económicos	34.2 (13)

Con respecto á información cualitativa obtida, destaca que entre outros motivos para deixar de fumar algunhas persoas sinalaron: i) a liberdade de non depender do tabaco, ii) quedarse embarazada ou iii) a hixiene e olor.

En canto ás principais barreiras para deixar de fumar toman relevancia a dificultade para manexar as ganas de fumar, a perda dunha estratexia para manexar o estrés/ansiedade e o feito de pertencer a un grupo de amigos nos que algunha/s persoas do mesmo consume tabaco diariamente (Táboa 4). En relación aos intentos previos para deixar de fumar precísase destacar que ningunha persoa da mostra acudiu a profesionais sanitarios en busca de axuda para deixar de fumar. Por outra banda, entre as barreiras máis habituais para buscar axuda por parte de profesionais sanitarios para conseguir deixar de fumar aparecen: admitir ante o profesional necesitar axuda, dificultade e tempo invertido no desprazamento e tempo transcorrido entre unha cita e a seguinte. Ademais, débese engadir que un 44.7% (38) daqueles participantes que pensan en abandonar ou reducir o seu hábito tabáquico considera que non precisa axuda para deixar de fumar, un 26.3% (38) non sabe se a necesita e un 29.0% (38) afirma que si lle sería de utilidade.

Táboa 4

Barreiras para deixar de fumar e buscar axuda profesional (n = 38)

Barreiras	% (n)
Barreiras para deixar de fumar	
Dificultade para manexar as ganas de fumar	60.5 (23)
Coste económico e de tempo das axudas para deixar de fumar (profesionais sanitarios, fármacos, etc.);	15.8 (6)
Perda dunha estratexia para manexar o estrés/ansiedade	55.3 (21)
Grupo de amigos fumadores	50.0 (19)
A posibilidade de aumentar de peso	26.3 (10)
Barreiras para pedir axuda a un profesional sanitario	
Admitir ante un profesional sanitario necesitar axuda para deixar de fumar	39.5 (15)
Dificultades para desprazarse e tempo perdido nos percorridos	36.8 (14)
Tempo entre unha cita e a seguinte	34.2 (13)
Coñecemento por parte do círculo próximo de que se pediu axuda	21.2 (8)

En canto á información cualitativa obtida, entre outras barreiras para deixar de fumar mencionouse o gusto por fumar en contextos sociais de festa e a idade e xuventude. Por outra parte, en relación á outras barreiras para acudir a profesionais sanitarios sinalouse a falta de ganas, o diñeiro e tempo malgastados, o non contemplar esta opción ou a crenza de non necesitalo nun ambiente axeitado.

Variables Relacionadas co Uso das Aplicacións Móviles para Deixar de Fumar

Da mostra total, un 4.3% dos participantes do estudo empregaron aplicacións móbiles con este fin logrando unha abstinencia media de, aproximadamente, 33 días ($M=32.75$; $DT=58.23$). Non obstante, débese ter en conta que máis dun terzo dos participantes considera que estas aplicacións non serven de axuda para deixar de fumar e que un 7.4% descoñecía da súa existencia.

As principais barreiras para o seu uso relaciónanse co feito de que na aplicación móbil aparezan anuncios ou existan críticas negativas por parte doutros usuarios, que sexa difícil de empregar e carecer de contacto cara a cara cun profesional. Por último, precísase indicar que máis da metade dos participantes consideran aspectos indispensables cos que deben contar estas aplicacións a personalización dos avisos e recordatorios, que sexan fáciles de utilizar e cun deseño accesible e cómodo e, ademais, que inclúan ferramentas sobre como deixar de fumar (Táboa 5).

En relación á outras barreiras de cara a empregar aplicacións móbiles para deixar de fumar algúns participantes indicaron que o desinterese previo en descargala e os fallos frecuentes na aplicación tamén precisan ser considerados. Nesta liña, outros aspectos indispensables cos que deben contar este tipo de aplicacións comentados tamén polos participantes do estudo foron: i) que o contido non se base única e exclusivamente acerca de deixar de fumar ou sobre o tabaco, ii) engadir logros ou metas para motivar aos usuarios, iii) a posibilidade de que na aplicación se introduza un contador de diñeiro para ver o aforrado ata o momento e, ademais, iv) xogos que actúen como distracción cando aparezan as ganas de fumar ("craving").

Táboa 5

Información sobre a opinión, barreiras para o seu uso e aspectos indispensables das aplicacións móbiles para deixar de fumar (n = 94)

Aplicacións móbiles para deixar de fumar	% (n)
Opinión sobre a utilidade	
Poden resultar útiles	41.4 (36)
Poden resultar útiles, pero só se se complementan coa axuda dun profesional sanitario	19.5 (17)
Non considero que sirvan de axuda	39.1 (34)
Barreiras para o seu uso	
Dificultade á hora de empregar a aplicación	34.0 (32)
Necesidade de internet para o seu uso	10.6 (10)
Non ter contacto cara a cara cun profesional	29.8 (28)
Non usar/revisar o móbil con frecuencia	19.1 (18)
Anuncios na aplicación	42.6 (40)
Malas opinións doutros/as usuarios/as	38.3 (36)
Aspectos indispensables	
Poder personalizar a aplicación	39.4 (37)
Poder personalizar avisos, recordatorios e/ou notificacións	52.1 (49)
Fácil de usar	59.6 (56)
Deseño accesible e cómodo	52.1 (49)
Garantía de confidencialidade	41.5 (39)
Inclusión de ferramentas sobre como deixar de fumar	67.0 (63)
Inclusión información sobre os beneficios de deixar de fumar	38.3 (36)

Diferencias nas barreiras para deixar de fumar e solicitar axuda profesional en función do nivel de dependencia do tabaco e dos estadios de cambio

Despois de realizar as análises correspondentes empregando a Proba estatística de Chi-cadrado cabe destacar que non se atoparon diferenzas estatisticamente significativas ($p \leq .05$) nas barreiras para deixar de fumar e nas barreiras de cara a acudir a profesionais sanitarios en busca de axuda para abandonar o hábito tabáquico en función da dependencia do tabaco e dos estadios de cambio; tal e como se observa das Táboas 6 á 9.

Táboa 6

Diferencias nas barreiras para deixar de fumar en función da dependencia do tabaco

	Dependencia leve (n=30)	Dependencia moderada-grave (n=8)	χ^2	p
<i>Barreiras para deixar de fumar</i>				
Dificultade percibida para manexar as ganas de fumar				
Si	18 (60.0)	3 (37.5)	.017	.898
Non	12 (40.0)	5 (62.5)		
Coste económico e tempo das axudas				
Si	4 (13.3)	2 (25.0)	.647	.421
Non	26 (86.7)	6 (75.0)		
Posibilidade de aumentar de peso				
Si	7 (23.3)	3 (37.5)	.654	.419
Non	23 (76.7)	5 (62.5)		
Perda dunha estratexia para manexar o estrés/ansiedade				
Si	16 (53.3)	5 (62.5)	.215	.643
Non	14 (46.7)	3 (37.5)		
Grupo de amigos fumadores				
Si	18 (60.0)	1 (12.5)	-.*	
Non	12 (40.0)	7 (87.5)		

Nota: *Non se reporta Chi-cadrado debido a que non había suficientes participantes para realizar a comparación.

Táboa 7

Diferencias nas barreiras de cara a acudir a profesionais sanitarios en función da dependencia do tabaco

	Dependencia leve (n=30)	Dependencia moderada-grave (n=8)	χ^2	<i>p</i>
<i>Barreiras para acudir a un profesional sanitario</i>				
Admitir ante un profesional a necesidade de axuda				
Si	11 (36.7)	4 (50.0)	.470	.493
Non	19 (63.6)	4 (50.0)		
Coñecemento do círculo próximo que pediu axuda				
Si	7 (23.3)	1 (12.5)	-*	
Non	23 (76.7)	7 (87.5)		
Dificultades e tempo perdido nos desprazamentos				
Si	10 (33.3)	4 (50.0)	.754	.385
Non	20 (66.7)	4 (50.0)		
Tempo entre unha cita e a seguinte				
Si	9 (30.0)	4 (50.0)	1.122	.289
Non	21 (70.0)	4 (50.0)		

Nota: *Non se reporta Chi-cadrado debido a que non había suficientes participantes para realizar a comparación.

Táboa 8*Diferencias nas barreiras de cara a deixar de fumar en función dos estadios de cambio*

	Pre- contemplación (n = 12)	Contemplación (n = 16)	Preparación para a acción (n = 10)	χ^2	<i>p</i>
<i>Barreiras para deixar de fumar</i>					
Dificultade para manexar as ganas de fumar					
Si	9 (75.0)	10 (62.5)	4 (40.0)	2.824	.242
Non	3 (25.0)	6 (37.5)	6 (60.0)		
Coste económico e tempo das axudas					
Si	1 (8.3)	3 (18.8)	2 (20.0)	.741	.691
Non	11 (91.7)	13 (81.3)	8 (80.0)		
Posibilidade de aumentar de peso					
Si	4 (33.3)	5 (31.3)	1 (10.0)	1.879	.391
Non	8 (66.7)	11 (68.8)	9 (90.0)		
Perda dunha estratexia para manexar o estrés/ansiedade					
Si	5 (41.7)	12 (75.0)	4 (40.0)	4.361	.113
Non	7 (58.3)	4 (25.0)	6 (60.0)		
Grupo de amigos fumadores					
Si	5 (41.7)	10 (62.5)	4 (40.0)	1.733	.420
Non	7 (58.3)	6 (37.7)	6 (60.0)		

Nota: Valor p corrixido por Bonferroni para comparacións múltiples.

Táboa 9

Diferencias nas barreiras de cara a acudir a un profesional sanitario en busca de axuda en función dos estadios de cambio

	Pre- contemplación (n = 12)	Contemplación (n = 16)	Preparación para a acción (n = 10)	χ^2	<i>p</i>
<i>Barreiras para acudir a un profesional sanitario en busca de axuda</i>					
Admitir ante un profesional a necesidade de axuda					
Si	4 (33.3)	5 (31.3)	6 (60.0)	2.406	.300
Non	8 (66.7)	11 (68.8)	4 (40.0)		
Coñecemento do círculo próximo que pediu axuda					
Si	2 (17.6)	5 (31.3)	1 (10.0)	1.875	.392
Non	10 (83.3)	11 (68.8)	9 (90.0)		
Dificultades e tempo perdido nos desprazamentos					
Si	5 (41.7)	6 (37.5)	3 (30.0)	.324	.850
Non	7 (58.3)	10 (62.5)	7 (70.0)		
Tempo entre unha cita e a seguinte					
Si	6 (50.0)	4 (25.0)	3 (30.0)	2.011	.366
Non	6 (50.0)	12 (75.0)	7 (70.0)		

Nota: Valor p corrixido por Bonferroni para comparacións múltiples.

Diferencias nas opinións sobre a utilidade das aplicacións móbiles para deixar de fumar e as barreiras para o seu uso en función do nivel de dependencia do tabaco e dos estadios de cambio

Tras realizar as análises correspondentes empregando a Proba estatística de Chi-cadrado cabe sinalar que non se atoparon diferenzas estatisticamente significativas ($p \leq .05$) cando se analizou a opinión sobre a utilidade das aplicacións móbiles para deixar de fumar e as barreiras para o seu uso en función do nivel de dependencia do tabaco e dos estadios de cambio, tal e como se detalla a continuación nas Táboas da 10 á 13.

Táboa 10

Diferencias na opinión sobre a utilidade dunha aplicación móbil para deixar de fumar en función da dependencia do tabaco

	Dependencia leve (n=62)	Dependencia moderada-grave (n=25)	χ^2	p
<i>Opinión de cara a empregar unha aplicación móbil</i>				
Considero que poden resultar útiles				
Si	29 (46.8)	7 (28.0)	2.589	.108
Non	33 (53.2)	18 (72.0)		
Considero que poden resultar útiles, pero só se combinan con acompañamento profesional				
Si	13 (21.0)	4 (16.0)	.280	.597
Non	49 (79.0)	21 (84.0)		
Non considero que sirvan de axuda para deixar de fumar				
Si	20 (32.3)	14 (56.0)	4.218	.070
Non	42 (67.7)	11 (44.0)		

Táboa 11

Diferencias na opinión sobre a utilidade dunha aplicación móbil para deixar de fumar en función dos estadios de cambio

	Pre- contemplación (n=48)	Contemplación (n=28)	Preparación para a acción (n=11)	χ^2	<i>p</i>
<i>Opinión de cara a empregar unha aplicación móbil</i>					
Considero que poden resultar útiles					
Si	20 (41.7)	12 (42.9)	4 (36.4)	.141	.932
Non	28 (58.3)	16 (57.1)	7 (63.6)		
Considero que poden resultar útiles, pero só se combinan con acompañamento profesional					
Si	6 (12.5)	9 (32.1)	2 (18.2)	4.335	.113
Non	42 (87.5)	19 (67.9)	9 (81.8)		
Non considero que sirvan de axuda para deixar de fumar					
Si	22 (45.8)	7 (25.0)	5 (45.5)	3.439	.179
Non	26 (54.2)	21 (75.0)	6 (54.5)		

Nota: Valor p corrixido por Bonferroni para comparacións múltiples.

Táboa 12

Diferencias nas barreiras para empregar unha aplicación móbil en función do grado de dependencia ao tabaco

	Dependencia leve (n = 67)	Dependencia moderada-grave (n = 26)	χ^2	<i>p</i>
<i>Barreiras para empregar unha aplicación móbil</i>				
Non ter contacto cara a cara cun profesional				
Si	20 (29.9)	8 (30.8)	.008	.931
Non	47 (70.1)	18 (69.2)		
Necesidade de internet				
Si	8 (11.9)	2 (7.7)	.352	.553
Non	59 (88.1)	24 (92.3)		
Non usar/revisar o teléfono móbil con frecuencia				
Si	12 (17.9)	6 (23.1)	.320	.571
Non	55 (82.1)	20 (79.6)		
Dificultade á hora de utilizar a aplicación				
Si	21 (31.3)	10 (38.5)	.427	.513
Non	46 (68.7)	16 (61.5)		
Anuncios				
Si	32 (47.8)	8 (30.8)	2.206	.137
Non	35 (52.2)	18 (69.2)		
Malas opinións dos usuarios				
Si	26 (38.8)	10 (38.5)	.001	.976
Non	41 (61.2)	16 (61.5)		

Táboa 13

Diferencias nas barreiras para empregar unha aplicación móbil en función do estadio de cambio

	Pre- contemplación (n = 51)	Contemplación (n = 30)	Preparación para a acción (n = 12)	χ^2	p
<i>Barreiras para empregar unha aplicación móbil</i>					
Non ter contacto cara a cara cun profesional					
Si	12 (23.5)	12 (40.0)	8 (66.7)	2.503	.286
Non	39 (76.5)	18 (60.0)	4 (33.3)		
Necesidade de internet					
Si	2 (3.9)	7 (23.3)	1 (8.3)	.*	
Non	49 (96.1)	23 (76.7)	11 (91.7)		
Non usar/revisar o teléfono móbil con frecuencia					
Si	8 (15.7)	5 (16.7)	5 (41.7)	4.406	.110
Non	43 (84.3)	25 (83.3)	7 (58.3)		
Dificultade á hora de utilizar a aplicación					
Si	19 (37.3)	9 (30.0)	3 (25.0)	.878	.645
Non	32 (62.7)	21 (70.0)	9 (75.0)		
Anuncios					
Si	19 (37.3)	15 (50.0)	6 (50.0)	1.526	.466
Non	32 (62.7)	15 (50.0)	6 (50.0)		
Malas opinións dos usuarios					
Si	20 (39.2)	12 (40.0)	4 (33.3)	.173	.917
Non	31 (60.8)	18 (60.0)	8 (66.7)		

Nota: *Non se reporta Chi-cuadrado debido a que non había suficientes participantes para realizar a comparación. Valor p corrixido por Bonferroni para comparacións múltiples.

Discusión

O principal propósito deste TFM consistía en describir e analizar as características do hábito tabáquico de adultos novos de entre 18 e 25 anos que fumaban diariamente así como o seu nivel de dependencia do tabaco, os seus motivos e barreiras de cara a deixar de fumar e buscar axuda en profesionais sanitarios, a súa opinión e experiencia con aplicacións móbiles con este fin, as barreiras percibidas para o seu uso e as características fundamentais que consideran esenciais neste tipo de aplicacións móbiles. Para isto, levouse a cabo un estudo enquisa no que participaron 94 persoas adultas novas fumadoras que debían cumprimentar un cuestionario deseñado *ad hoc* (ver *Anexo A*) co fin de obter información relevante, para a súa posterior análise, sobre os elementos anteriormente mencionados.

Con respecto ás características relacionadas co consumo de tabaco os resultados obtidos mostran que a idade do primeiro consumo se sitúa arredor dos 15 anos, a cal é lixeiramente inferior á indicada na *Encuesta sobre alcohol y otras ilegales drogas* en España (*EDADES*) na que a idade da primeira toma de contacto con esta substancia psicoactiva se atopa entre os 16 e 17 anos. Ademais, se observa que a idade de inicio de consumo regular de tabaco se sitúa preto dos 18 anos, en consonancia coas cifras aportadas pola enquisa *EDADES* (OEDA, 2022). Así pois, estes datos van na mesma liña de estudos recentes como o de Villanti et al. (2019) no que se sinala que aquelas persoas que probaron e/ou experimentaron co consumo desta substancia psicoactiva na adolescencia tenden a consolidado no inicio do período da adultez nova. Por outro lado, cabe mencionar que a media de cigarros fumados ao día polos participantes, entorno a nove, é coherente cos datos aportados polo Instituto Nacional de Estadística (INE; s.f.), o cal sinala que o 61.5% da poboación española de adultos de entre 15 a 24 anos consume entre un e nove cigarros ao día. Asemade, cabe destacar que esta media é

similar á atopada, tamén en poboación adulta nova fumadora, en traballos recentes como o de West et al. (2019). De acordo co anteriormente mencionado, obsérvase que a maior parte dos participantes presentan unha dependencia leve do tabaco, particularidade asociada ás persoas fumadoras novas como aparece reflexada en estudos previos como os de Messer et al. (2008) e West et al. (2019). Esta menor severidade da dependencia do tabaco asociada a este sector da poboación podería implicar menores dificultades á hora de abandonar con éxito o hábito tabáquico.

En consonancia cos resultados aportados pola enquisa *EDADES* (OEDA, 2022), no presente estudo atópase que o tabaco de liar é o máis consumido polas persoas fumadoras novas o cal, con frecuencia, combinan con cigarros de paquete. Esta circunstancia pode ser explicada non só debido ao prezo máis económico do tabaco de liar, facilitando así o acceso ao consumo desta substancia psicoactiva a persoas novas que posúen menor poder adquisitivo, senón tamén á equivocada crenza acerca de que presenta menores efectos nocivos sobre a saúde ao ser unha substancia “natural” e á falsa sensación de control do consumo que outorga elaborar os propios cigarros (Martínez e Pinedo, 2022). Ademais, convén engadir que en persoas fumadoras novas o feito de probar un maior número de produtos derivados do tabaco se atopa asociado cunha menor percepción de nocividade destes (Leavens et al., 2019). Por outra parte, o tabaco de liar conta con niveis máis elevados de nicotina o que o fai máis aditivo provocando que as persoas que o consumen presenten unha maior dependencia fisiolóxica (de Granda-Orive e Jiménez-Ruiz, 2011), polo tanto, aqueles que consumen tabaco de liar poderían ter máis dificultades para deixar de fumar ou estar menos dispostos a intentalo. Asemade, tense sinalado que o consumo combinado con cigarros convencionais se atopa relacionado cun maior risco de recaída unha vez lograda a abstinencia (Young et al., 2006). En consecuencia, de cara á futuras intervencións para deixar de fumar é imprescindible considerar o tipo ou tipos de tabaco consumidos (p. ex. consumo mixto con tabaco manufacturado), a cantidade de nicotina presente e as particularidades do produto (p. ex. prezo, accesibilidade, etc.) para así aumentar as probabilidades de que as persoas fumadoras novas interesadas en deixar de fumar consigan abandonar o consumo de tabaco.

En relación ao círculo familiar e social convén sinalar que máis da metade dos participantes do presente estudo convive cunha persoa fumadora e a gran maioría conta como mínimo cunha persoa no seu grupo de amigos que fuma diariamente. Esta casuística implica que no seu entorno están presentes estímulos ambientais que poden favorecer á conduta de

fumar podendo contribuír, así, ao mantemento deste hábito e dificultar o seu abandono (Carpenter et al., 2014). Ademais, a literatura actual indica que a exposición dos adolescentes ao fume de segunda man, ao tabaquismo no fogar e a amigos fumadores se asocia cunha maior probabilidade de fumar no futuro (Chen, 2021; Joung et al., 2016), de aí a importancia do ambiente próximo no inicio e mantemento do hábito tabáquico e a necesidade de continuar investigando a implicación do funcionamento familiar e social no tabaquismo.

Respecto ao uso de cigarros electrónicos ou vapers, os resultados obtidos neste traballo mostran que cerca da metade dos participantes que empregan estes dispositivos o fan co obxectivo de reducir o consumo de tabaco ou deixar de fumar. Non obstante, a maioría utiliza cartuchos ou líquidos que conteñen nicotina; sendo estes datos semellantes aos atopados en poboación adulta española de entre 15 e 64 anos na enquisa *EDADES* (OEDA, 2022). Mais, en investigacións anteriores tense indicado que as persoas fumadoras poden utilizar este tipo de produtos derivados do tabaco por multitude de motivos (p. ex. por influencia dos medios de comunicación e publicidade, por influencia/presión social do seu grupo de iguais, etc.), ademais de como método de redución ou abandono do tabaquismo (Nicksic et al., 2019). Por outra parte, estudos previos sinalan que existe unha falsa imaxe de seguridade dos cigarros electrónicos que afecta sobre todo a este sector da poboación. É dicir, as persoas fumadoras novas tenden a considerar que o seu uso é menos nocivo en comparación aos cigarros convencionais véndose favorecida esta idea polos seus deseños atractivos, pola súa ampla variedade de sabores con olores agradables e por non desprender o fume característico do tabaco ocasionando, así, unha menor percepción de risco asociada ao emprego destes dispositivos (Martínez e Pinedo, 2022; Osca et al., 2014; Wackowski e Delnevo, 2016).

Porén, debe destacarse que os cigarros electrónicos posúen a capacidade de subministrar igual ou máis cantidade de nicotina que os cigarros manufacturados (Voos et al., 2019) e, incluso, algúns traballos indican que poden chegar a presentar un maior potencial aditivo en poboación adulta nova (Jankowski et al., 2019). Ademais, estudos iniciais sinalan que presentan consecuencias negativas sobre a saúde relacionadas co seu uso incluso máis graves (p. ex. aumento da permeabilidade endotelial microvascular, inflamación e obstrución das vías respiratorias, maior probabilidade de presentar enfermidades cardiopulmonares, etc.) que as provocadas polos cigarros de paquete (Espinoza-Derout et al., 2022; Mohammadi et al., 2022; Tsai et al., 2020). É mais, algúns traballos suxiren que o uso destes dispositivos electrónicos pode chegar a funcionar como porta de entrada “inversa” á experimentación e/ou

consumo regular de tabaco debido non só á súa fácil accesibilidade senón tamén á menor percepción de risco que producen en persoas novas (Martínez e Pinedo, 2022; O'Brien et al., 2021; Yoong et al., 2021). Non obstante, pese ao previamente exposto, os resultados actuais da investigación sobre a súa utilidade para reducir ou abandonar o hábito tabáquico son mixtos (Hajek et al., 2019; Hartmann-Boyce et al., 2021; Malas et al., 2016; Osca et al., 2014). En particular, en estudos como o de Selya et al. (2018) conclúese que os cigarros electrónicos poderían actuar como método de redución do tabaquismo entre as persoas fumadoras novas que presentan unha alta dependencia á nicotina. Con todo, tamén existe evidencia de que as persoas fumadoras que os empregan como método de redución ou abandono do tabaquismo combinándoos co uso de cigarros convencionais presentan unha maior probabilidade de que o seu estado de saúde empeore, en comparación con persoas fumadoras que só consumen cigarros convencionais (Ronchetti e Terriau, 2021). Ademais, autores como Ibrahim et al. (2021) sinalan que aínda non está claro cal é realmente o papel dos cigarros electrónicos como intervención fronte o abandono do tabaquismo, posto que non existen estudos suficientes para determinar se estes dispositivos, a longo prazo, son un medio seguro e eficaz para o abandono do hábito tabáquico.

En canto á motivación ao cambio precísase sinalar que máis da metade dos participantes do estudo non mostraron interese en reducir o consumo ou abandonar o hábito tabáquico a curto prazo atopándose, deste xeito, no estadio de pre-contemplación do modelo de Prochaska e Diclemente. Esta información vai na mesma liña da aportada por estudos previos como o de Andrews et al. (2018), onde se sinala que as persoas fumadoras novas se sitúan con frecuencia no estadio de pre-contemplación para a abandonar o hábito tabáquico. Polo tanto e de cara ao deseño de futuras intervencións para deixar de fumar, queda clara a necesidade de contemplar a inclusión de estratexias psicolóxicas dirixidas a aumentar a motivación ao cambio deste sector da poboación. Estes resultados gardan relación con que máis da metade da mostra non intentara deixar de fumar no pasado; aínda que nalgún momento considerara esa posibilidade.

Con respecto a aqueles que si intentaran abandonar o hábito tabáquico, a principal estratexia empregada pola maioría era deixalo só/soa e de golpe seguida do uso de parches ou gomas con nicotina. Este resultado vai na liña do indicado en outros traballos como o de Watkins et al. (2020), onde se sinala que a poboación adulta nova tende a infrautilizar o apoio e a axuda profesional para deixar de fumar baseada na evidencia científica. Ademais, os resultados obtidos polo presente traballo sinalan que admitir ante un profesional sanitario

necesitar axuda para deixar de fumar aparece como barreira para este sector da poboación. Neste senso, é preciso ter en conta que preto da metade dos participantes consideran que non precisan ningunha axuda para abandonar o hábito tabáquico e que cerca dun terzo descoñece se a necesita. Esta situación pode deberse non só a baixa percepción de risco das consecuencias do consumo de tabaco senón tamén ao gran descoñecemento e falta de oferta de intervencións psicolóxicas efectivas para a abordaxe do hábito tabáquico (Becoña et al., 2014; De la Cruz et al., 2022).

Por outra banda, a preocupación pola saúde física e mental, a insistencia da familia/amigos/parella e o gasto económico aparecen como as razóns máis importantes sinaladas polos participantes para reducir ou abandonar o consumo de tabaco, de forma semellante ás atopadas en estudos como os de Gallus et al. (2013) e Torrell et al. (2009). Cabe destacar que, ao igual que en persoas adultas fumadoras, a preocupación central continua sendo o estado físico actual e a prevención a futuro de enfermidades relacionadas (Samarin Ocampos et al., 2014). En canto ás barreiras para deixar de fumar, no presente estudo se atopou que as dificultades para manexar as ganas de fumar, a perda dunha estratexia para manexar o estrés e a ansiedade e o feito de pertencer a un grupo de amigos nos que algunha/s persoas do mesmo sexan fumadores diarios son as barreiras máis frecuentemente mencionadas. Estes achados gardan similitude cos datos aportados por investigacións previas en poboación adulta nova fumadora como a de Carlson et al. (2018).

En relación ao emprego de aplicacións móbiles para deixar de fumar en persoas fumadoras novas, convén engadir que carecer do contacto cara a cara cun profesional aparece como barreira para o uso destas, debido a que un elevado porcentaxe da mostra do estudo considera que realmente non resultan de utilidade ou que necesitarían ser combinadas con acompañamento profesional. Por outra parte, con respecto ás características esenciais que deben estar presentes nas aplicacións móbiles para deixar de fumar segundo a poboación adulta nova, os datos deste traballo indican que a personalización da aplicación e dos avisos e recordatorios e a funcionalidade son elementos fundamentais a ter en conta no seu deseño. Esta información vai na mesma liña da aportada por traballos anteriores como o de Bendotti et al. (2022), no cal se sinala que a personalización, a relacionalidade, a funcionalidade e a credibilidade son elementos fundamentais que precisan ser considerados á hora de deseñar futuras aplicacións móbiles que sexan atractivas para os seus posibles usuarios. De igual forma, os participantes consideran primordial que estas aplicacións contén cun deseño accesible, cómodo e fácil de

usar, inclúan ferramentas sobre como deixar de fumar e, por último, garantan a confidencialidade da súa información persoal. Ademais das particularidades anteriormente descritas, a literatura sinala que é preciso que as aplicacións móbiles para deixar de fumar se atopen debidamente fundamentadas na evidencia científica actual (BinDhim et al., 2014; Haskins et al., 2017) e, de igual forma, contén cun sistema de criterios estandarizado (privacidade, utilidade, adecuación, transparencia, contido, seguridade, soporte técnico, actualizacións, etc.) que facilite o seu deseño (Llorens-Vernet e Miró, 2020). En consecuencia, de cara ao desenvolvemento de futuras intervencións psicolóxicas en poboación adulta nova que contemplan deseñar e empregar aplicacións móbiles para deixar de fumar, sería recomendable que se aporte información ás persoas fumadoras novas sobre a utilidade destas, se teña en conta as características que considera esta poboación que deben estar presentes na aplicación e, ademais, se valore a posibilidade de empregar a aplicación móbil deseñada de forma combinada con acompañamento profesional.

Por último, cabe mencionar que non se atoparon diferenzas significativas en ningún dos casos analizados mediante a Proba estatística de Chi-cadrado. O feito de non atopar diferenzas significativas en canto ás barreiras para deixar de fumar, para acudir a un profesional sanitario en busca de axuda, para empregar unha aplicación móbil para deixar de fumar e a opinión sobre a utilidade destas aplicacións en función de variables como o estadio de cambio e a dependencia ao tabaco podería axudar ao deseño das futuras intervencións psicolóxicas para deixar de fumar dirixidas de forma específica ás persoas fumadoras novas. É dicir, os datos suxiren que o nivel de dependencia ou a motivación para o cambio non se relacionan de xeito específico coas diferentes barreiras para deixar de fumar, para acudir a un profesional sanitario ou para utilizar unha aplicación móbil para este fin nin coa a opinión sobre a utilidade das aplicacións móbiles para deixar de fumar o que implica que ditas variables poderían non ser tan relevantes á hora do deseño de intervencións psicolóxicas para deixar de fumar baseadas na saúde móbil. Non obstante, a causa do limitado tamaño da mostra recollida sería preciso levar a cabo novas investigacións cun deseño experimental máis robusto co fin de confirmar os resultados obtidos no presente traballo.

Contribucións Teóricas e Prácticas

En relación ás contribucións teóricas aportadas por este TFM cabe destacar que os resultados atopados permiten establecer unha primeira aproximación acerca de cales son as características fundamentais asociadas ao consumo de tabaco e as barreiras percibidas de cara ao abandono desta substancia psicoactiva, acudir a profesionais sanitarios e empregar unha aplicación móbil para deixar de fumar da poboación adulta nova fumadora. Ademais, este traballo pode servir como punto de partida para posteriores investigacións, pois proporciona unha visión xeral acerca da realidade do uso das aplicacións móbiles para deixar de fumar por parte deste sector da poboación. Pode empregarse, tamén, para comparar futuros estudos similares levados a cabo en poboación fumadora pertencente a diferentes sectores da poboación (p. ex. adolescentes, mulleres embarazadas, etc.), contextos demográficos e socio-económicos.

Por outra banda, dende unha perspectiva aplicada, os resultados obtidos poderían resultar útiles de cara a realizar un deseño inicial dunha intervención psicolóxica baseada nunha aplicación móbil para deixar de fumar elaborada de forma específica para este sector da poboación. O uso destas ferramentas dixitais podería ser unha oportunidade para achegar, dun xeito atractivo, ás persoas fumadoras novas unha intervención para deixar de fumar baseada na evidencia científica actual. De feito, na actualidade, estudos iniciais acerca da efectividade de intervencións mediante aplicacións móbiles para deixar de fumar en poboación adulta nova fumadora obteñen resultados preliminares prometedores en termos de logro da abstinencia ao tabaco (Chulasai et al., 2021; Chulasai et al., 2022).

No que respecta ao desenvolvemento de futuras intervencións sería recomendable combinar o uso de aplicacións móbiles con acompañamento por parte de profesionais da psicoloxía xeral sanitaria, pois os resultados obtidos neste traballo sinalan que as persoas novas fumadoras consideran como barreira de cara a empregar este tipo de ferramentas dixitais para deixar de fumar o feito de carecer do contacto cara a cara cun profesional da saúde. Así pois, podería considerarse levar a cabo unha intervención cognitivo conductual multicompoñente combinada cunha aplicación móbil para deixar de fumar deseñada de forma específica para á poboación adulta nova, de forma semellante á realizada en estudos previos con adultos (López-Durán et al., 2022).

Por outra banda e en base aos resultados obtidos polo presente estudo, en canto ás características coas que deberían contar as aplicacións móbiles para deixar de fumar convén

suxerir que se debería priorizar que o seu deseño sexa atractivo, cómodo e fácil de usar, debido a que estes foron aspectos frecuentemente sinalados polos participantes. Así pois, a navegación entre as diferentes funcionalidades da aplicación móbil debería ser rápida, intuitiva e sinxela (p. ex. na páxina de inicio debería poder engadir os cigarros consumidos directamente, incluso contar cun botón “+” para sumar outro cigarro, sen ter que entrar no menú da aplicación e ter que facer clic noutro apartado de “registro” e só unha vez aí poder rexistrar o consumo). Ademais o seu deseño debería buscar ser atractivo, visual e funcional para a poboación obxectivo (p. ex. á hora de deseñar as iconas debería ter en conta a súa comprensibilidade e asocialos a cores significativas, é dicir, a icona de “axuda fronte ao *craving*” podería ser o debuxo dunha campá ou a icona para ver vídeos de relaxación podería ser o debuxo dunha persoa meditando; debería engadir gráficas do consumo semanal e mensual para poder visualizar a evolución do consumo; etc.). Por outra parte, segundo a información recadada, a aplicación móbil deseñada debería permitir aos seus usuarios personalizar os avisos, recordatorios e notificacións recibidas. Deberíase, de igual modo, garantir a confidencialidade dos datos persoais dos usuarios cumprindo, en todo momento, coas leis de protección de datos. Deste xeito e en función dos datos obtidos, recoméndase considerar engadir estas características nas futuras aplicacións móbiles deseñadas de xeito específico para a poboación adulta nova co fin de promover que a experiencia de uso dos posibles usuarios sexa positiva para, así, poder diminuír as probabilidades de que abandonen a intervención a causa dun deseño complexo que dificulte o manexo da aplicación móbil para deixar de fumar. Asemade, suxírese a utilización de estratexias tales como o envío de mensaxes motivacionais e de reforzo personalizadas a través da aplicación móbil deseñada para tratar de aumentar o compromiso (“engagement”) e fomentar que os usuarios accedan á aplicación de forma habitual. Cabe destacar que estas características, centradas fundamentalmente na experiencia do propio usuario, van na liña das sinalas en investigacións previas (Hicks et al., 2022; Zhang et al., 2023).

En canto ás funcionalidades, a aplicación móbil para deixar de fumar deseñada debería incluír ferramentas destinadas a facilitar o abandono do hábito tabáquico en función das necesidades detectadas na poboación obxectivo. Neste caso, ademais dos elementos característicos deste tipo de aplicacións tales como, por exemplo, o registro e seguimento dos cigarros consumidos, o cálculo do diñeiro aforrado ou a información sobre os beneficios de abandonar o hábito tabáquico (Zhang et al., 2023); podería resultar de utilidade, en función da información recadada neste estudo, incluír elementos para manexar as ganas de fumar

(“craving”) pois aparece como unha das principais barreiras para deixar de fumar en poboación adulta nova. Por exemplo, engadir compoñentes dirixidos a aumentar o autocontrol e proporcionar ferramentas de distracción (xogos dentro da propia aplicación aos que poderán acceder en todo momento) podería resultar fundamental. De feito, en estudos como o levado a cabo por Struik et al. (2018) atópase que as persoas novas fumadoras prefiren utilizar xogos como forma de distracción porque, así, non dispoñen das mans para soste o cigarro. Por outra parte, tamén resultaría fundamental incluír ferramentas destinadas a manexar o estrés e ansiedade como fotos e vídeos que faciliten o aprendizaxe e uso de técnicas de respiración, relaxación e mindfulness como as propostas en Garey et al. (2022). Ademais, sería convinte incluír unha función de identificación e control de estímulos (López-Durán et al., 2022), pois pertencer a un grupo de amigos nos que algunha/s persoas do mesmo son fumadores diarios e o contexto social asociado a saír de festa aparecen como barreira de cara ao abandono do hábito tabáquico en poboación adulta nova. En consecuencia, este estudo presenta unha serie de implicacións clínicas pois proporciona información que pode contribuír ao deseño de intervencións psicolóxicas para deixar de fumar, baseadas en saúde móbil, adaptadas ás características e barreiras específicas das persoas novas fumadoras.

Limitacións e Suxerencias de cara a Investigacións Futuras

A interpretación dos resultados do presente traballo debe considerar as limitacións do mesmo. Unha das principais limitacións reside no método de recollida de datos, posto que se utilizou unha técnica de mostraxe non probabilística denominada “Bola de Neve”. Este tipo de técnicas de mostraxe non permiten garantir a representatividade da mostra; aínda que sexa unha metodoloxía amplamente empregada en situacións coma neste caso nas que o acceso aos individuos da poboación seleccionada é limitado. Asemade, cabe destacar non só a presente descompensación entre homes e mulleres senón tamén a gran maioría de estudantes que conforman a mostra elementos que poden chegar a limitar, de igual modo, a xeneralización dos resultados á poboación de adultos novos fumadores. Polo tanto, en futuros estudos é necesario o uso de técnicas de mostraxe probabilística para seleccionar aos participantes (p. ex. unha técnica de mostraxe estratificada) que permitan evitar sesgos de selección para, deste modo, obter resultados xeneralizables á poboación de adultos novos. Neste senso, outra das limitacións do presente estudo é o reducido tamaño da mostra que imposibilita, de igual forma, a xeneralización dos resultados obtidos, polo que de cara a futuras investigacións sería convinte ampliar o número de participantes para conseguir datos máis representativos da poboación.

Por outra banda, o emprego Microsoft Forms para a recollida de datos limitou o acceso á enquisa online, de forma exclusiva, a aquelas persoas con coñecemento e habilidades tecnolóxicas básicas. Ademais, o uso de cuestionarios de autoinforme na mesma afecta á validez e obxectividade dos datos obtidos, xa que este tipo de cuestionarios conta cun carácter subxectivo e é frecuente que a conduta informada non sexa sempre a mesma que a realizada. Ademais, as respostas aos cuestionarios de autoinforme poden verse influídas pola desexabilidade social pois parte da información recollida é acerca de temas sensibles como o é o consumo de tabaco (p. ex. número de cigarros fumados ao día).

Convén subliñar que a investigación científica actual acerca das características asociadas ao consumo de tabaco da poboación, sobre todo adulta nova, que emprega aplicacións móbiles para deixar de fumar aínda se atopa nunha fase inicial de desenvolvemento, a pesares da relevancia da temática e dos continuos avances na área das TIC; polo que, se debe indicar que a escaseza de estudos neste campo e en poboación adulta española dificultou a comparación e discusión dos resultados obtidos.

De cara a posibles investigacións futuras recoméndase que, de forma previa ao emprego dunha intervención psicolóxica de saúde móbil deseñada de forma específica para a poboación adulta nova, se aporte información a esta poboación sobre a utilidade das aplicacións móbiles para deixar de fumar. Ademais, sería convinte levar a cabo un estudo piloto acerca da aceptabilidade neste sector da poboación sobre o feito de empregar unha aplicación móbil para deixar de fumar. Polo tanto, é preciso continuar estudando en profundidade ás características asociadas ao consumo de tabaco e as necesidades concretas das persoas fumadoras novas para, así, poder elaborar intervencións psicolóxicas especificamente deseñadas co obxectivo de aumentar as súas probabilidades de abandonar o hábito tabáquico para, deste modo, diminuír ás consecuencias na saúde física e psicolóxica asociadas ao consumo desta substancia psicoactiva na idade adulta. Por último, cabe sinalar que a poboación adulta nova obxectivo do presente traballo son persoas que consumen tabaco de forma diaria, polo que, sería oportuno analizar que sucede con aquelas persoas novas que fuman de maneira ocasional e identificar cales serían as súas características asociadas ao consumo de tabaco e a súas barreiras de cara a abandonar este hábito e empregar unha aplicación móbil con este fin para, deste modo, poder deseñar intervencións psicolóxicas para deixar de fumar en función das súas particularidades.

Conclusións

A través do presente TFM obtense unha primeira aproximación acerca das características asociadas ao consumo de tabaco das persoas fumadoras novas. Polo tanto e en resposta ao primeiro obxectivo, lógrase establecer unha descrición detallada que sinala que a poboación adulta nova fumadora se caracteriza por probar por primeira vez o tabaco arredor dos 15 anos e iniciar o seu consumo regular preto dos 18; consumir con maior frecuencia tabaco de liar; fumar arredor de nove cigarros ao día e presentar unha dependencia ao tabaco leve. En relación ao seu círculo familiar e social, débese sinalar que a maioría conviven no seu fogar e/ou se relacionan dentro do seu grupo de amigos/as, como mínimo, cunha persoa fumadora. Cabe destacar que, con frecuencia, a poboación adulta nova non mostra interese en reducir o consumo ou abandonar o hábito tabáquico nun futuro próximo, atopándose a maioría no estadio de pre-contemplación do modelo de Prochaska e DiClemente. Por outra parte, como principais motivos de cara a deixar de fumar aparecen a preocupación pola saúde física e polo gasto económico. Respecto ás barreiras para abandonar o hábito tabáquico, toman relevancia a dificultade para manexar as ganas de fumar, a perda dunha estratexia para manexar o estrés/ansiedade e o feito de pertencer a un grupo de amigos nos que algunha/s persoas do mesmo consume tabaco de forma diaria. Nesta liña, convén indicar que se atopa que as persoas fumadoras novas acoden en menor medida a profesionais sanitarios en busca de axuda para deixar de fumar, pois perciben como barreiras o feito de admitir ante o profesional sanitario necesitar axuda, a dificultade e tempo invertido no desprazamento e o tempo transcorrido entre unha cita e a seguinte.

En relación ao segundo obxectivo, a maioría das persoas fumadoras novas avaliadas considera que as aplicacións móbiles para deixar de fumar non resultan de utilidade ou que, para obter resultados, precisarían ser combinadas con acompañamento profesional. Polo tanto, carecer do contacto cara a cara cun profesional aparece como principal barreira para o seu uso. Por último, precísase indicar que as persoas novas fumadoras identifican como aspectos indispensables que deben estar presentes no deseño das aplicacións móbiles dirixidas a deixar de fumar a personalización dos avisos e recordatorios, a facilidade de uso, un deseño accesible e, ademais, a inclusión de ferramentas destinadas a facilitar o abandono do hábito tabáquico.

Respecto ao terceiro e cuarto obxectivos, cabe sinalar que as barreiras para deixar de fumar, para acudir a un profesional sanitario, para empregar unha aplicación móbil para deixar de fumar e a opinión sobre a súa utilidade non parecen relacionarse co grado de dependencia do tabaco nin cos estadios de cambio.

Deste xeito, grazas á información aportada por este estudo, conséguese esbozar unha primeira aproximación acerca de cales son as características asociadas ao consumo de tabaco da poboación adulta nova fumadora e obter unha visión xeral acerca da súa opinión e uso das aplicacións móbiles como ferramenta para deixar de fumar. Este estudo aporta información novedosa que se engade ás escasas investigacións que se centran nesta temática e podería contribuír ao deseño de novas intervencións psicolóxicas para deixar de fumar máis atractivas para este sector da poboación. En consecuencia, buscar promover o desenvolvemento de intervencións psicolóxicas deseñadas de forma específica para a poboación adulta nova fumadora podería reducir a probabilidade de que se producise á escalada e posterior afianzamento do hábito tabáquico na idade adulta e as súas consecuencias derivadas sobre a saúde, tanto física como psicolóxica.

Por último e con respecto ás posibles futuras investigacións encamiñadas a empregar aplicacións móbiles co obxectivo de favorecer o abandono do hábito tabáquico, ben de forma exclusiva ou de forma complementaria á intervención psicolóxica, resulta imprescindible que se enfoquen inicialmente en analizar e describir axeitadamente as características de consumo da súa poboación obxectivo, ademais da opinión e aceptabilidade da poboación seleccionada de cara a empregar intervencións de saúde móbil para, deste xeito, incrementar as taxas de efectividade das mesmas.

Referencias Bibliográficas

- American Academy of Pediatrics. (2018, 26 de octubre). *Las formas alternativas del tabaco son peligrosas*. HealthyChildren.org. <https://www.healthychildren.org/Spanish/health-issues/conditions/tobacco/Paginas/Alternative-Forms-of-Tobacco.aspx>
- American Psychiatric Association [APA]. (2014). *Manual diagnóstico y estadístico de los trastornos mentales (DSM-5)*. Editorial Médica Panamericana.
- American Psychiatric Association [APA]. (2022). *Diagnostic and Statistical Manual of Mental Disorders, Fifth Edition, Text Revision (DSM-5-TR)*. American Psychiatric Association Publishing.
- Andrews, M. E., Sabado, M., & Choi, K. (2018). Prevalence and characteristics of young adult smokers in the U.S. in the precontemplation stage of smoking cessation. *Addictive Behaviors, 84*, 167–170. <https://doi.org/10.1016/j.addbeh.2018.04.008>
- Arnett, J. J. (2000). Emerging adulthood: A theory of development from the late teens through the twenties. *The American Psychologist, 55*(5), 469-480.
- Athyros, V. G., Katsiki, N., Doumas, M., Karagiannis, A., & Mikhailidis, D. P. (2013). Effect of tobacco smoking and smoking cessation on plasma lipoproteins and associated major cardiovascular risk factors: a narrative review. *Current Medical Research and Opinion, 29*(10), 1263-1274. <https://doi.org/10.1185/03007995.2013.827566>
- Balogh, E. P., Dresler, C., Fleury, M. E., Gritz, E. R., Kean, T. J., Myers, M. L., Nass, S. J., Nevidjon, B., Toll, B. A., Warren, G. W., & Herbst, R. S. (2013). Reducing Tobacco-

- Related Cancer Incidence and Mortality: Summary of an Institute of Medicine Workshop. *The Oncologist*, 19(1), 21-31. <https://doi.org/10.1634/theoncologist.2013-0230>
- Barroso-Hurtado, M., Suárez-Castro, D., Martínez-Vispo, C., Becoña, E., & López-Durán, A. (2021). Smoking Cessation Apps: A Systematic Review of Format, Outcomes, and Features. *International Journal of Environmental Research and Public Health*, 18(21), 11664. <http://dx.doi.org/10.3390/ijerph182111664>
- Becoña, E., & Vázquez, F. L. (1998). The Fagerström Test for Nicotine Dependence in a Spanish sample. *Psychological Reports*, 83(3), 1455–1458. <https://doi.org/10.2466/pr0.1998.83.3f.1455>
- Becoña, E., del Río, E. F., Durán, A. L., Pradedá, Ú. M., Vispo, C. M., & Cano, R. A. R. (2014). El tratamiento psicológico de la dependencia del tabaco. Eficacia, barreras y retos para el futuro. *Papeles del Psicólogo*, 35(3), 161-168.
- Bendotti, H., Lawler, S., Ireland, D., Gartner, C., Hides, L., & Marshall, H. M. (2022). What do people want in a smoking cessation app? An analysis of user reviews and app quality. *Nicotine and Tobacco Research*, 24(2), 169-177. <https://doi.org/10.1093/ntr/ntab174>
- BinDhim, N., McGeechan, K., & Trevena, L. (2014). Who Uses Smoking Cessation Apps? A Feasibility Study Across Three Countries via Smartphones. *JMIR mHealth and uHealth*, 2(1), e4. <https://doi.org/10.2196/mhealth.2841>
- Budney, A. J., Borodovsky, J. T., Marsch, L. A., & Lord, S. J. (2019). Technological Innovations in Addiction Treatment. *Elsevier eBooks*, 75-90. <https://doi.org/10.1016/b978-0-323-54856-4.00005-5>
